CALENDARIO REUNIÓNS 2ª AVALIACIÓN

Día 23 de marzo de 2010:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	1º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:10 a 17:50 h.	1º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:50 a 18:30 h.	2º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 18:30 a 19:10 h.	2º B E.S.O.	Aula Multimedia

Día 24 de marzo de 2010:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	3º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:10 a 17:50 h.	3º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:50 a 18:20 h.	4º Diver. E.S.O.	Aula Multimedia
de 18:20 a 19:00 h.	4º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 19:00 a 19:40 h.	4º B E.S.O.	Aula Multimedia

Día 25 de marzo de 2010:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	2º B Bac.	Aula Multimedia
de 17:10 a 17:50 h.	2º A Bac.	Aula Multimedia
de 17:50 a 18:30 h.	1º B Bac.	Aula Multimedia
de 18:30 a 19:10 h.	2º A Bac.	Aula Multimedia

Aclaracións:

En beneficio de todos, prégase puntualidade.

O profesorado debe reflectir as notas da súa materia na aplicación XADEWEB, deste xeito o/a profesor/a titor/a poderá facer copias da actilla e entregalas na xunta de avaliación. Para facilitar a tarefa, débese facer antes das 24:00 horas do comezo das avaliacións.

As notas serán entregadas polo/a titor/a a partir das 14:00 horas do venres 26 de marzo de 2010.

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Remataron as obras do laboratorio de Física, polo que xa están dispoñibles as novas instalacións para uso do noso alumnado.

Xa está tamén operativa a nova aula de audiovisuais. Esta situada na planta baixa do edificio de Bacharelato, próxima ao taller de Tecnoloxía. Dispón de pantalla dixital iterativa, proxector, equipo de son e reprodutor de Blue-Ray. Para usala hai que reservar día e hora na táboa situada na porta desta aula.

En cumprimento do establecido no punto 5 do artigo 22º do Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de Inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, e do punto 3 do artigo 9º da Orde do 13 de decembro de 2004 pola que se desenvolve o decreto antes citado, ***a partir do 1 de xaneiro de 2010*** o inspector responsable do noso centro é don **Pedro Gómez Álvarez.**

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 6

Febreiro—2010

Entroido 2010

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONCURSO "A AULA+SOSTÍBLEL" - ENTROIDO 2010

Dende a **Axenda21escolar** e en colaboración coa **vicedirección** e o **Plan de convivencia**, botamos a andar este trimestre o concurso **"A aula+sostíbel"**, pensado para que o alumnado acade uns hábitos máis sostíbeis nas súas accións diarias no IES; para isto estabelecemos unha serie de tarefas e normas que cada grupo, en conxunto, debe cumprir durante o tempo que dure o concurso.

OBXECTIVOS

- Manter as aulas nun bo estado de **conservación** e **limpeza**.
- Concienciar ao alumnado e ao resto da comunidade educativa sobre o **aforro enerxético**.
- Promover a redución, reutilización e reciclaxe de **papel**.
- Facer que o alumnado se sinta **partícipe** e involucrado.
- Fomentar a **convivencia** e **cooperación** entre o alumnado.
- Fomentar a **iniciativa** e **creatividade** entre o alumnado.

A AVALIACIÓN farase tendo en conta os seguintes parámetros valorados cada un de cero a tres puntos:

1.- **Luces** apagadas e **persianas** abertas cando haxa luz natural.
2.- Elaboración de **colectores de lixo** diferenciado.
3.- Fiestras pechadas nos días en que se acende a **calefacción**.
4.- **Mantemento da limpeza** xeral da aula incluídas mesas, cadeiras, paredes, portas, etc.
5.- Orde e colocación das **cadeiras** sobre as mesas ao remate da xornada lectiva.
6.- O **ruído** ambiental na aula.
7.- O **respecto** entre compañeiros e compañeiras (para isto valoraranse as queixas do profesorado sobre comportamento, partes da Aula de convivencia, etc.
8.- Elaboración e respecto das **normas de aula**.
9.- A calidade, creatividade e contidos do **mural** actualizábel.
10.- Calquera outra **iniciativa** do alumnado que faga máis atractiva e agradábel a convivencia na aula e no centro.

Máis información no blogue da Axenda 21 do IES:
http://participarmos.blogaliza.org

O entroido

Entre outras actividades, este trimestre vimos de celebrarmos o entroido cun certame de comparsas entre as aulas do IES que participan no concurso da **aula+sostíbel** coa intención de favorecer os aspectos colaborativos e participativos que constitúen un dos eixos principais da **Axenda21escolar.**

O alumnado fixo un alarde de imaxinación e creatividade e mesmo algún profesor tamén participou da festa.

Previamente, unha alumna e un alumno de 2º de E.S.O. B realizaron unha exhibición do entroido ribeirao vestidos de volante e piliqueiro cunha moi didáctica explicación acompañada de fotografías.

Os primeiros clasificados no concurso de comparsas do entroido desde ano foron os grupos de ***3º de E.S.O. A*** e ***1º de Bacharelato B***. Todos os participantes recibiron puntos para o concurso **"A aula+sostíbel"**